

OBXECTIVO XERAL

Aumentar a fiabilidade mecánica, aumentar a vida operativa da máquina e reducir os custos de mantemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Deixar sempre que o motor alcance a temperatura de réxime antes de comezar o de traballo.	⇒ Comprobando que o motor non é acelerado inmediatamente despois proceder ao seu arranque.
○ Circular a velocidades moderadas cando se despraza por zonas moi accidentadas.	⇒ Comprobando que o manexo da máquina se realice a unha velocidade que permita o seu control e que non someta o bastidor a esforzos excesivos.
○ Reducir ao máximo os balanceos do brazo telescópico cando este se cargue, minimizando desta maneira os esforzos sobre o conxunto.	⇒ Asegurándose de que as manobras son controladas en todo momento.
○ Deixar que o motor se manteña un rato ao ralentí antes de apagar o motor.	⇒ Comprobando que o motor non é apagado inmediatamente despois da finalización das operacións.
○ Evitar na medida do posible os esforzos de torsión sobre o chasis e a transmisión.	⇒ Conducindo a velocidade moderada, sobre todo con carga, e evitando na medida do posible os obstáculos.
○ Evitar procesar árbores que polas súas dimensións poden supor un esforzo excesivo tanto para as unións dos distintos elementos como para o motor e brazo telescópico así como para o cabezal de procesamento.	⇒ Comprobando que as árbores escollidas entran dentro das dimensións procesables pola máquina.

6.3.9. MOTOSERRISTA

CONTIDOS FORMATIVOS

- **Ocupación**
Motoserrista.
- **Actividade**
Aproveitamento madeireiro.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Operar coa motoserra.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Transportar a motoserra.
	1.2	Coñecer e saber identificar os compoñentes da motoserra.
	1.3	Coñecer os compoñentes, o seu estado adecuado e actuación e a colocación adecuada do EPI.
	1.4	Comprobar o estado adecuado e os elementos de seguridade.
	1.5	Poñer en marcha a motoserra.
	1.6	Manexar a motoserra.

SABER

- ◆ Preparar convenientemente a motoserra para o transporte.
- ◆ Fixar firmemente a motoserra durante o transporte.
- ◆ Coñecer as características e os compoñentes da motoserra.
- ◆ Coñecer o funcionamento da motoserra.
- ◆ Coñecer o estado correcto dos compoñentes.
- ◆ Coñecer os elementos de seguridade da motoserra e o seu correcto estado de funcionamento.
- ◆ Coñecer a posta en marcha da motoserra.
- ◆ Coñecer o manexo da motoserra.
- ◆ Coñecer as implicacións medioambientais do uso dos produtos necesarios para a realización das operacións (combustible, aceite...).
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER FACER

- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Cubrir adecuadamente todos os elementos da motoserra que poden resultar perigosos durante o seu transporte.
- ◆ Fixar adecuadamente a máquina para evitar o seu desprazamento durante o transporte ou nun accidente.
- ◆ Identificar visualmente as partes da motoserra.
- ◆ Identificar visualmente os elementos de seguridade da motoserra.
- ◆ Comprobar o bo estado de funcionamento dos dispositivos de seguridade.
- ◆ Poñer en marcha a motoserra seguindo o protocolo de instrucións de seguridade.
- ◆ Manexar a motoserra de forma segura e adecuada.
- ◆ Manexar adecuadamente os produtos utilizados (combustibles e aceites...).
- ◆ Manexar as ferramentas manuais de forma segura e adecuada.
- ◆ Manexar a ferramenta universal de forma segura e adecuada.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos da realización das operacións.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- ◆ Observar e prestar a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións.
- ◆ Respeitar as instrucións de realización das operacións.
- ◆ Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- ◆ Realizar as operacións co grao de precaución necesaria ao uso desta máquina.
- ◆ Axustarse ás especificacións do fabricante á hora de manexar produtos, respectar cantidades...
- ◆ Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- ◆ Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.
- ◆ Manter unha relación de comunicación co resto do equipo de traballo para evitar accidentes.
- ◆ Traballar en equipo de forma coordinada co resto dos traballadores e co seu responsable.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Motoserrista.
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro.

UNIDADE DE COMPETENCIA	2	Procesar a árbore mecánica-manualmente.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	2.1	Estimar a altura do pé
	2.2	Asegurar a zona de actuación.
	2.3	Preparar o corte.
	2.4	Realizar o corte de entalladura.
	2.5	Proceder ao corte de derribado.
	2.6	Derramar o fuste da árbore.
	2.7	Despuntar a árbore.
	2.8	Torar o fuste da árbore.
	2.9	Obter toradas de calidade.
	2.10	Identificar os distintos tipos de madeira por especie.
	2.11	Seleccionar a árbore que se vai cortar.

SABER

- ◆ Coñecer as técnicas de estimación da altura dos pés.
- ◆ Coñecer as condicións de aseguramento da zona de operacións.
- ◆ Coñecer os pasos previos á realización do corte.
- ◆ Coñecer a técnica de realización do corte de entalladura.
- ◆ Coñecer os distintos métodos, en función do diámetro do pé, de realizar o corte de derribado.
- ◆ Coñecer a técnica de derramado en función das tensións das pólas da árbore.
- ◆ Coñecer as técnicas de torado do fuste en función das súas tensións.
- ◆ Coñecer os defectos e deformacións máis habituais que se producen na madeira durante o procesamento da árbore.
- ◆ Coñecer os distintos tipos de madeira en función da especie arbórea así como unhas nocións básicas de silvicultura e botánica.
- ◆ Identificar visualmente ou por algún procedemento simple se a árbore se atopa en bo estado para a corta ou se as súas características se adaptan aos criterios comerciais esixidos.
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER FACER

- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Estimar a altura aproximada do pé que se vai tirar.
- ◆ Elixir a dirección da caída da árbore.
- ◆ Asegurar a zona de actuación correctamente.
- ◆ Realizar os labores de preparación do corte de derribado.
- ◆ Realizar o corte de entalladura adecuado ás características do pé que se vai tirar.
- ◆ Realizar o corte de derribado en función do diámetro da árbore.
- ◆ Realizar o derramado do fuste.

- ◆ Despuntar a árbore.
- ◆ Torar o fuste en función das tensións existentes.
- ◆ Obter toradas de calidade para comercializar.
- ◆ Identificar os tipos de madeira por especie.
- ◆ Coñecer as características básicas das madeiras máis habituais de traballo.
- ◆ Coñecer as características botánicas e silvícolas básicas das especies que procesa.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos da realización das operacións.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- ◆ Observar e prestarlle a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións.
- ◆ Tomar as precaucións necesarias para as operacións que se realizan.
- ◆ Asegurarse en todo momento da posición dos compañeiros para que non se atopen no raio de caída do fuste no momento da corta.
- ◆ Respetar as instrucións de realización das operacións.
- ◆ Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- ◆ Axustarse ás especificacións do fabricante á hora de manexar produtos, respectar cantidades...
- ◆ Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- ◆ Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.
- ◆ Manter unha relación de comunicación co resto do equipo de traballo para evitar accidentes.
- ◆ Traballar en equipo de forma coordinada co resto dos traballadores e co seu responsable.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Motoserrista.
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento madeireiro.

UNIDADE DE COMPETENCIA	3	Regular e preservar o estado da motoserra.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	3.1	Coñecer o funcionamento do motor.
	3.2	Axustar e conservar en bo estado o carburador.
	3.3	Revisar e manter o funcionamento do mecanismo de embrague.
	3.4	Revisar e limpar ou substituír as buxías.
	3.5	Axustar e realizar coidados aos elementos de corte.
	3.6	Revisar os elementos de seguridade.
	3.7	Manipular combustibles e aceites.

SABER

- ◆ Coñecer os principios de funcionamento do motor de dous tempos.
- ◆ Coñecer as partes que compoñen un motor.
- ◆ Coñecer que función realiza cada unha das partes do motor.
- ◆ Coñecer a estrutura dun carburador.
- ◆ Coñecer a técnica de montaxe e desmontaxe dun carburador.
- ◆ Coñecer os produtos e o método de limpeza do carburador.

- ◆ Coñecer a montaxe e desmontaxe das buxías.
- ◆ Coñecer a técnica de limpeza de buxías e de substitución dunha buxía.
- ◆ Coñecer os fallos habituais do embrague.
- ◆ Coñecer a posición e a montaxe e desmontaxe do embrague.
- ◆ Coñecer a desmontaxe e montaxe da espada.
- ◆ Coñecer os utensilios e o métodos de afiado da espada.
- ◆ Coñecer o grao necesario de lubricación da cadea.
- ◆ Coñecer o método de tensado da cadea e a tensión á que se somete.
- ◆ Coñecer os elementos de seguridade da motoserra e o seu funcionamento.
- ◆ Coñecer o estado adecuado dos elementos de seguridade.
- ◆ Coñecer o manexo de aceites, combustibles...
- ◆ Coñecer as proporcións da mestura.
- ◆ Coñecer o calendario de engraxamento dos elementos.
- ◆ Coñecer os produtos e a técnica de engraxamento dos elementos sometidos a fricción.
- ◆ Coñecer o manexo da ferramenta universal.
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER FACER

- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Comprender o funcionamento do motor de dous tempos.
- ◆ Identificar visualmente as partes do motor.
- ◆ Montar e desmontar o carburador.
- ◆ Limpar o carburador.
- ◆ Manexar adecuadamente os produtos de limpeza do carburador.
- ◆ Limpar e substituír o filtro do aire.
- ◆ Montar e desmontar as buxías.
- ◆ Limpar e substituír as buxías.
- ◆ Detectar fallos no sistema de embrague.
- ◆ Montar e desmontar o embrague.
- ◆ Identificar visualmente os elementos de seguridade da motoserra.
- ◆ Detectar o funcionamento anómalo ou o non funcionamento dos elementos de seguridade.
- ◆ Montar e desmontar a espada da motoserra de forma segura.
- ◆ Tensar a cadea.
- ◆ Afiar os dentes de corte seguindo o ángulo destes.
- ◆ Manexar a ferramenta universal e a específica de afiado atendendo os criterios de seguridade.
- ◆ Manexar aceites e combustibles adecuadamente.
- ◆ Realizar a mestura para o motor nas proporcións establecidas.
- ◆ Realizar engraxamentos de elementos.
- ◆ Xestionar adecuadamente todos os residuos obtidos da realización das operacións de mantemento.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- ◆ Observar e prestar a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións e evitar accidentes.
- ◆ Respeitar as instrucións de realización das operacións.

- ◆ Respectar as especificacións do fabricante.
- ◆ Respectar as porcentaxes da mestura.
- ◆ Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- ◆ Utilizar os utensilios estritamente para a función que están deseñados.
- ◆ Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- ◆ Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.

PROGRAMA FORMATIVO

OCUPACIÓN | Motoserrista.

UNIDADE DE COMPETENCIA

1	Operar coa motoserra.		
U	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
1	Coñecer e manexar a motoserra.	Transversal	90 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
☞	Prevenición de riscos laborais aplicados ao uso da motoserra.	1.1/1.3/1.4	Transversal
☞	Primeiros auxilios aplicados ao manexo da motoserra.	Todas	Ocupacional
☞	Manexar a motoserra.	1.5/1.6	Transversal
☞	Coñecer os elementos da motoserra.	1.2	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

2	Procesar a árbore mecánica-manualmente.		
U	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
2	Corta.	Específico	130 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
☞	Actuacións previas á corta.	2.1/2.2/2.32. 10/2.11	Transversal
☞	Corta.	2.4/2.5/2.9	Transversal
☞	Preparación do fuste para o seu transporte e comercialización.	2.6/2.7/2.8	Transversal

UNIDADE DE COMPETENCIA

3	Regular e preservar o estado da motoserra.		
U	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
3	Mantemento da motoserra.	Ocupacional	80 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
☞	Sensibilización ambiental aplicada ao uso da motoserra.	Todas	Ocupacional
☞	Mecánica do motor de dous tempos.	3.1/1.2	Transversal
☞	Mantemento do motor da motoserra.	3.2/3.3/3.43.7	Transversal
☞	Mantemento e axuste dos elementos de corte.	3.5	Específico
☞	Mantemento dos elementos de seguridade.	3.6	Específico


ITINERARIO FORMATIVO MODULAR

- **LENDA**




UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Operar coa motoserra.




UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Procesar a árbore mecánica-manualmente.



UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Regular e preservar o estado da motoserra.



UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Operar coa motoserra.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
 - ☞ Coñecer os elementos da motoserra.
- **TRANSVERSAIS**
 - ☞ Manexar a motoserra.
- **OCUPACIONAIS**
 - ☞ Prevención de riscos laborais aplicada ao uso da motoserra.
 - ☞ Primeiros auxilios aplicados ao manexo da motoserra.

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Procesar a árbore mecánica-manualmente.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
- **TRANSVERSAIS**
 - ☞ Actuacións previas á corta.
 - ☞ Corta.
 - ☞ Preparación do fuste para o seu transporte e comercialización.
- **OCUPACIONAIS**

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Regular e preservar o estado da motoserra.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
 - ☞ Mantemento e axuste dos elementos de corte.
 - ☞ Mantemento elementos de seguridade.
- **TRANSVERSAIS**
 - ☞ Mantemento do motor da motoserra.
 - ☞ Mecánica do motor de dous tempos.
- **OCUPACIONAIS**
 - ☞ Sensibilización ambiental aplicada ao uso da motoserra.

OBXECTIVOS MODULARES

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Operar coa motoserra.

MÓDULO FORMATIVO

Prevenición de riscos laborais aplicados ao uso da motoserra.

OBXECTIVO XERAL

Adquirir os coñecementos e habilidades necesarias para realizar un traballo seguro coa motoserra.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Preparar convenientemente a motoserra para o transporte.	⇒ Observando se os elementos de corte se atopan adecuadamente protexidos contra contactos accidentais.
○ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.	⇒ Asegurándose de que se atopan adecuadamente colocados.
○ Coñecer a normativa de PRL.	⇒ Comprobando que se aplica a normativa durante o desempeño da ocupación.
○ Coordinar as operacións para evitar accidentes.	⇒ Comprobando que a organización das tarefas é eficiente e segura.
○ Manexar a ferramenta universal de forma segura e adecuada.	⇒ Asegurándose de que o manexo e elección das ferramentas é preciso e seguro.
○ Adoptar, cando se realizan esforzos, posicións que preveñan as lesións.	⇒ Comprobando que as posicións adoptadas son as indicadas para evitar lesións e molestias.
○ Coñecer os elementos de seguridade da motoserra e o seu correcto estado de funcionamento.	⇒ Observando que son usados correctamente e en todo momento.
○ Coñecer a posta en marcha segura da motoserra.	⇒ Asegurándose de que a secuencia de arranque da motoserra cumpre os criterios de seguridade esixidos.

MÓDULO FORMATIVO

Primeiros auxilios aplicados ao manexo da motoserra.

OBXECTIVO XERAL

Formar o traballador para que saiba como reaccionar e prestar auxilio no caso de que ocorra algún accidente ou incidente durante o desenvolvemento das súas tarefas habituais relacionadas co manexo de calquera maquinaria ou tipo de ferramenta.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Reaccionar ante caídas e golpes.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante a produción de cortes e feridas.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.

○ Saber que facer ante hemorragias.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante as roturas leves e torceduras.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de vendaxes e entaladuras.
○ Reaccionar ante a aparición de queimaduras de distintos graos.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Reaccionar ante a aparición de hipotensións e desmaios.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Realizar unha RCP.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.

MÓDULO FORMATIVO

Coñecer os elementos da motoserra.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer cales son as pezas ás que se lles debe prestar unha especial atención para o manexo seguro e eficiente da máquina.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar visualmente as partes da motoserra.	⇒ Comprobando que a peza indicada se corresponde co nome usado.
○ Coñecer as características dos compoñentes da motoserra.	⇒ Comprobando que a peza indicada presenta as características enunciadas.
○ Coñecer a función dos distintos elementos da motoserra.	⇒ Comprobando que a peza indicada realiza as funcións indicadas.
○ Aprender a determinar o grao de idoneidade dos compoñentes para o desempeño do traballo.	⇒ Asegurándose de que os elementos da motoserra se atopan en perfecto estado de uso.

MÓDULO FORMATIVO

Manexar a motoserra.

OBXECTIVO XERAL

Adquirir a destreza necesaria para realizar un uso da motoserra correcto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a posta en marcha da motoserra.	⇒ Asegurándose de que a secuencia de arranque é a adecuada.
○ Métodos de agarre da motoserra en función das distintas operacións.	⇒ Comprobando que o agarre realizado é o máis adecuado a cada operación.
○ Aprender a posicionar correctamente a espada antes do corte.	⇒ Asegurándose de que durante as operacións a espada non realiza movementos estraños e perigosos.
○ Elixir a lonxitude de espada máis apropiada en función do diámetro da árbore que se vai cortar.	⇒ Comprobando que a espada elixida é da lonxitude adecuada.

○ Adoptar posicións estables e ergonómicas.	⇒ Observando a postura e asegurándose de que é a máis apropiada.
○ Coñecer elementos da máquina que serven como apoio á corta.	⇒ Observando se o uso destes é adecuado e seguro.
○ Elixir o número de revolucións adecuado para cada fase das operacións.	⇒ Observando a reacción da motoserra e comprobando que as reaccións desta son predicibles e controlables.

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Procesar a árbore mecánica-manualmente.

MÓDULO FORMATIVO

Actuacións previas á corta.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer e aplicar os procedementos necesarios para a realización dunha corta que reduzan na medida do posible os defectos na madeira producidos pola operación, ademais de facilitar e dar seguridade á operación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar os tipos de madeira por especie.	⇒ Comprobando que a identificación das especies resulta correcta.
○ Coñecer as características básicas das madeiras máis habituais de traballo.	⇒ Comprobando que se coñecen as ditas características.
○ Coñecer as técnicas de estimación da altura dos pés.	⇒ Observando se as medidas calculadas se corresponden coas reais.
○ Coñecer as condicións de seguridade da zona de operacións.	⇒ Asegurándose de que se cumpren as ditas normas de seguridade.
○ Coñecer os pasos previos á realización do corte.	⇒ Comprobando que se executan os ditos pasos antes da realización do corte.

MÓDULO FORMATIVO

Corta.

OBXECTIVO XERAL

Realizar o conxunto de operacións de procesamento da árbore de forma eficiente e segura.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a técnica de realización do corte de entalladura.	⇒ Comprobando que as dimensións e o ángulo do corte de entalladura se adapta ás especificacións.
○ Coñecer os distintos métodos, en función do diámetro do pé, para realizar o corte de derribado.	⇒ Asegurándose de que o método aplicado é o adecuado para o diámetro dado.
○ Coñecer a técnica de derramado en función das tensións das pólas da árbore.	⇒ Asegurándose de que a espada non se atasca en ningún momento do

	proceso de derramado e os cortes son limpos e precisos.
○ Coñecer as técnicas de torado do fuste en función das tensións deste.	⇒ Asegurándose de que a espada non se atasca en ningún momento do proceso de torado e que a lonxitude e regularidade do corte é a esixida.
○ Elixir a dirección da caída da árbore.	⇒ Observando se a árbore garda a dirección de caída desexada.
○ Coñecer os defectos e deformacións máis habituais que se producen na madeira durante o procesamento da árbore.	⇒ Asegurándose de que as técnicas usadas para a corta son as adecuadas para evitar os ditos defectos.
○ Traballar en equipo de forma coordinada co resto dos traballadores e co seu responsable.	⇒ Asegurándose de que a coordinación do proceso segue unha secuencia de operacións lóxica e racional.

MÓDULO FORMATIVO

Preparación do fuste para o seu transporte e comercialización.

OBXECTIVO XERAL

Realizar o conxunto de operacións de preparación da árbore para o seu transporte e comercialización de forma eficiente e segura.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as técnicas de derramado.	⇒ Comprobando que se realizou un derramado completo e sen problemas de atascos ou rebotes da motoserra.
○ Coñecer un método de medición precisa da lonxitude da torada e realizar un corte limpo desta.	⇒ Comprobando que as lonxitudes das toradas se axustan ao especificado.
○ Saber determinar con precisión o punto da árbore en que esta debe deixar de ser torada.	⇒ Comprobando que se realiza un aproveitamento máximo da lonxitude total da árbore.
○ Saber executar unha secuencia eficiente e segura das operacións de procesamento.	⇒ Comprobando que as operacións son executadas eficientemente.
○ Saber traballar coordinadamente co axudante na corta.	⇒ Asegurándose de que esta colaboración se dá.

UNIDADE DE COMPETENCIA**3** Regular e preservar o estado da motoserra.**MÓDULO FORMATIVO**

Sensibilización ambiental aplicada ao uso da motoserra.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer e aplicar os procedementos que permiten tratar os produtos e residuos da actividade de forma que reduza ao máximo o impacto para o medio ambiente.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer o manexo de aceites, combustibles...	⇒ Comprobando que os ditos produtos son manipulados co debido coidado e atención.
○ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.	⇒ Comprobando que a recollida e eliminación dos produtos impide un fenómeno de contaminación.
○ Coñecer a normativa ambiental existente.	⇒ Comprobando que se segue a normativa durante o proceso produtivo.
○ Manexar adecuadamente os produtos de limpeza e desengraxamento.	⇒ Asegurándose de que se utilizan os produtos apropiados e na cantidade xusta.

MÓDULO FORMATIVO

Mecánica do motor de dous tempos.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer os fundamentos mecánicos do motor da máquina.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer os principios de funcionamento do motor de dous tempos.	⇒ Comprobando que as cuestións formuladas ao respecto son respondidas satisfactoriamente.
○ Coñecer as partes que compoñen un motor.	⇒ Asegurándose de que as partes da máquina sinaladas se corresponden co nome utilizado.
○ Coñecer que función realiza cada unha das partes do motor.	⇒ Asegurándose de que a función nomeada se corresponde coa parte sinalada.
○ Coñecer o manexo da ferramenta universal.	⇒ Comprobando que a ferramenta usada é a adecuada a cada necesidade e que este uso dela é preciso e seguro.

MÓDULO FORMATIVO

Mantemento do motor da motoserra.

OBXECTIVO XERAL

Conservar o motor da máquina en perfectas condicións operativas co fin de aumentar a súa fiabilidade, calidade das operacións realizadas, diminución de custo de mantemento e aumento da vida útil.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Realizar diagnose de avarías.	⇒ Comprobando que ante avarías dadas, os diagnósticos emitidos identifican a causa da avaría.
○ Coñecer a estrutura dun carburador, técnica de montaxe e desmontaxe, axuste e os seus produtos e método de limpeza.	⇒ Comprobando que tras os procedementos de manipulación e limpeza, este mantén os parámetros de funcionamento adecuados.

○ Coñecer a montaxe e desmontaxe das buxías así como o seu procedemento de limpeza e galgado, identificando visualmente a través dela a calidade de combustión.	⇒ Comprobando que a buxías son adecuadamente manipuladas, ou repostas no seu caso, e que a diagnose de combustión do motor en base a elas é correcta.
○ Coñecer os fallos habituais do embrague, a posición, así como a súa montaxe e desmontaxe.	⇒ Asegurándose de que tras a substitución do embrague o funcionamento da máquina se axusta aos parámetros esperados.
○ Coñecer as proporcións da mestura combustible/aceite.	⇒ Asegurándose de que a proporción da mestura cumpre coas especificacións do fabricante.
○ Coñecer tipos de aceites adecuados, así como o calendario de engraxamento dos elementos e a súa técnica de engraxamento.	⇒ Comprobando que o aceite usado é o adecuado para cada un dos distintos elementos que hai que engraxar e que estes presentan o nivel de engraxamento requirido.

MÓDULO FORMATIVO

Mantemento e axuste dos elementos de corte.

OBXECTIVO XERAL

Obter un sistema que obteña un corte preciso e de calidade, reducindo á vez a posibilidade de accidentes.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a montaxe e desmontaxe da espada, a súa limpeza, así como a determinación do seu estado operativo.	⇒ Comprobando que a secuencia de operacións é correcta, que a determinación do seu estado é acertada e que a espada queda perfectamente limpa antes da súa montaxe.
○ Manter en perfecto estado de funcionamento o sistema de engraxamento da cadea.	⇒ Asegurándose de que a lubricación da cadea é continua e abundante.
○ Coñecer o método de tensado da cadea e a tensión que debe presentar.	⇒ Asegurándose de que o valor da frecha da cadea se axusta aos valores indicados polo fabricante e que polo tanto indica que o seu grao de tensión é o adecuado.
○ Manter os dentes de corte co grao de afiado e o ángulo de corte adecuado.	⇒ Comprobando que a motoserra realiza un corte limpo e sen transmitirle movementos estraños á máquina.

MÓDULO FORMATIVO

Mantemento dos elementos de seguridade.

OBXECTIVO XERAL

Manter un elevado nivel de protección persoal mediante a vixilancia e coidado dos elementos de seguridade da máquina.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Revisar o estado do silenciador.	⇒ Comprobando que este non se

	deteriorase.
○ Revisar o bloqueo do acelerador.	⇒ Comprobando que o acelerador non se pode accionar sen combinalo co bloqueo.
○ Protector da man.	⇒ Observando se se atopa firmemente suxeita e sen a presenza de gretas ou roturas.
○ Coñecer a situación, función, accionamento do freo de cadea así como o seu mantemento.	⇒ Comprobando que o freo de cadea actúa cando as circunstancias o requiren.
○ Manter mecanismo parada-arranque.	⇒ Observando se o mando se encontra facilmente accesible e funciona correctamente.
○ Coñecer o mantemento do sistema antivibración.	⇒ Comprobando que realiza un filtrado efectivo das vibracións.
○ Manter os topes de profundidade da cadea.	⇒ Comprobando que estes non presentan un desgaste excesivo, que impediría o eficaz desempeño da súa función.

6.3.10. APICULTOR

CONTIDOS FORMATIVOS

- ⇒ **Ocupación**
Apicultor.
- ⇒ **Actividade**
Produción de mel, pole e derivados.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Administrar a explotación apícola.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Programar a secuencialización das operacións de traballo.
	1.2	Dirixir o traballo da explotación apícola.
	1.3	Adaptar as operacións produtivas á normativa de prevención de riscos laborais.

SABER

- ◆ Coñecer a tipoloxía de colmeas existente, as súas características e formas de manexo.
- ◆ Posuír coñecementos de climatoloxía e topografía.
- ◆ Coñecer a flora principal da zona.
- ◆ Ter coñecemento das diferentes especies apícolas.
- ◆ Coñecer as partes das colmeas.
- ◆ Ter coñecemento dos materiais utilizados para a construción das colmeas.
- ◆ Coñecer os equipos e apeiros necesarios para a explotación apícola.
- ◆ Posuír coñecementos sobre as condicións de conservación e mantemento dos materiais que se van utilizar.
- ◆ Coñecer a normativa vixente que regula a actividade apícola.
- ◆ Ter coñecemento das condicións para a óptima localización das colmeas.
- ◆ Posuír coñecementos sobre os procesos necesarios para a elaboración dos distintos produtos apícolas.